

ACORDOS NÚMERO 5/2017
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 8 DE MARZO DE 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día oito de marzo de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 3/2017 E 4/2017 CORRESPONDENTES AS SESIONS ANTERIORES LEVADAS A CABO OS DIAS 16.02.2017 E 23.02.2017.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- CONTRATACION ESTUDIO MEDIO AMBIENTAL (PMA).-
- 4- SOCIEDADE DE TORDOIA DE GINEBRA.-
- 5- SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA VOLTA CICLISTA.-
- 6- SOLICITUDE DE SUBVENCION E AUTORIZACION PARA O PROXECTO DOLMEN - CASTENDA.-
- 7- SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA PROXECTO CAMIÑO MEDIO AMBIENTAL.-
- 8- PRESUPOSTO CANALIZACION EN VIMIEIRA - VILADOABADE.-
- 9- CONVENIO EQUIPO DE FUTBOL.-
- 10- PROXECTO POSTA EN VALOR 'ALTO DA MEDORRA'.-
- 11- SOLICITUDE A XEFATURA TERRITORIAL DO PROXECTO 'CONSERVACION DE CAMIÑOS MARXENES PARADELA E LENGÜELLE'.-
- 12- INFORMACIÓNS DA ALCALDIA.-
- 13- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 3/2017 E 4/2017 CORRESPONDENTES AS SESIONS ANTERIORES LEVADAS A CABO OS DIAS 16.02.2017 E 23.02.2017.-

Acordos adoptados:

Son aprobadas as actas anteriores número 3/2017 e 4/2017 correspondentes ás sesións anteriores levadas a cabo os días 16.02.2017 e 23.02.2017 respectivamente.

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Dase conta dos seguintes escritos:

1.- Recíbese escrito da Consellería do Medio Rural, Servizo de Montes (número rexistro de entrada 210), en relación con denuncia presentada por A.A.A. á plantación limitrofe.

2.- Recíbese escrito da Consellería do Medio Rural, Servizo de Montes (número de rexistro de entrada 215), en relación a escrito presentado por B.B.B. nesa Consellería no que expoñía que a parcela colindante coa súa propiedade (parcelaXXX do polígono 8) non garda as distancias mínimas legamente esixibles pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

3.- Recíbese escrito do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (número de rexisto de entrada 214) en relación a requirimento de pago, informe sobre a liquidación e a liquidación trimestral correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

3.- CONTRATACION ESTUDIO MEDIO AMBIENTAL (PMA).-

Acordos adoptados:

Primeiro: levar a cabo a “Diagnose ambiental das instalacións municipais” mediante o procedemento do contrato menor, co contratista S.C.C. por un importe de 5.000 euros (IVE incluído).

Segundo: O obxecto do presente contrato é: elaborar unha “Diagnose ambiental das instalacións municipais”.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente á prestación do servizo “Diagnose ambiental das instalacións municipais” con cargo á aplicación 16522706 (proxecto número 20163_PMA_16_1) do vixente orzamento.

Cuarto: en todo caso, a factura deberá conter as seguintes mencións:

- a) Que o órgano de contratación é CONCELLO DE TORDOIA.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é INTERVENCIÓN.
- c) Que o destinatario é CONCELLO DE TORDOIA.
- d) Que o código DIR3 é L01150840.
- e) Que a oficina contable é LA002810.
- f) Que o órgano xestor é LA002809.
- g) Que a unidade tramitadora é LA002808.

Quinto: Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

Sexto: Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da firma da Resolución.

4.- SOCIEDADE DE TORDOIA DE GINEBRA.-

Acordos adoptados:

Asistir á inauguración da nova sede da Sociedade de Tordoia de Ginebra e aprobar os gastos.

5.- SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA VOLTA CICLISTA.-

Acordos adoptados:

- Participar na etapa da Volta Ciclista de Galicia previo estudio por parte da Policia Local e técnico para determinar a seguridad das vías deste concello.
- Concederlle uns trofeos, sen prexuízo da posibilidade de solicitar unha subvención para os gastos que poideran surxir.
- Facultar en todo o relacionado con este expediente ao señor alcalde.

6.- SOLICITUDE DE SUBVENCION E AUTORIZACION PARA O PROXECTO DOLMEN - CASTENDA.-

Acordos adoptados:

- Solicitar unha axuda económica a Deputación Provincial de A Coruña para as obras do proxecto "Posta en Valor Alto da Medorra 2017 - Castenda", por un importe de 35.790,41€, redactado en marzo de 2017 por D. J.J.A.B.
- Solicitar autorización a Patrimonio para realizar unha actuación de posta en valor no xacemento de Alto da Medorra - Castenda.
- Autorizar o acceso do arqueólogo D. J.J.A.B. ós terreos propiedade deste concello para desenvolvemento dunha actuación arqueolóxica da posta en valor do Alto da Medorra en Castenda.
- Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

7.- SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA PROXECTO CAMIÑO MEDIO AMBIENTAL.-

Acordos adoptados:

1. Solicitar unha axuda económica da Delegación Territorial de Medio Ambiente para a execución destas obras.
2. Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

8.- PRESUPUESTO CANALIZACION EN VIMIEIRA - VILADOABADE.-

Acordos adoptados:

Aprobar o presuposto nº 011/2017 presentado por Excavaciones José Varela Iglesias, S.L., para CANALIZACION DE PLUVIAIS NA VILADOABADE por un importe de 5.657,19€.

9.- CONVENIO EQUIPO DE FUTBOL.-

O señor alcalde da conta do convenio de colaboración coa SOCIEDADE DEPORTIVA TORDOIA que se pretende asinar co equipo de fútbol “Sociedade deportiva de Tordoia”:

Acordos adoptados:

Dar conta no seguinte pleno.

10.- PROXECTO POSTA EN VALOR 'ALTO DA MEDORRA'.-

Acordos adoptados:

1º Aprobar o proxecto denominado POSTA EN VALOR ALTO DA MEDORRA 2017, por un importe de 35.790,41€, redactado en marzo de 2017 por J.J.A.B.

11.- SOLICITUDE A XEFATURA TERRITORIAL DO PROXECTO 'CONSERVACION DE CAMIÑOS MARXENES PARADELA E LENGÜELLE'.-

Acordos adoptados:

1º Aprobar o proxecto denominado “conservación de camiños nas marxes dos Rios Paradela e Lengüelle (Zec Rio Tambre), por un importe de 21.520,06€ redactado polo Enxeñeiro de Camiños don J.C.R.M. nº de Colexiado XXXX.

12.- INFORMACIÓNS DA ALCALDIA.-

O señor alcalde solicita que se inclúan como Punto da Orde do día os seguintes puntos:

- APROBACION DE FACTURAS.-
- SOLICITUDE DE LICENZA DE 1ª OCUPACION DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN SANTIAVEDRA - BARDAOS.-

Acordos adoptados:

Aprobar a inclusión dos puntos na Orde do día.

-APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

Aprobar seguintes facturas para que se abonen con cargo á partida correspondente do vixente orzamento

Aplicació	Importe	Nombre Ter.	Nº Registro
2017 920 22001	1.502,80 €	WOLTERS KLUWER ESPAÑA S.A.	F/2017/481
2017 337 21200	3.061,12 €	ALMACENES PALLAS, S.L.	F/2017/550
2017 920 16200	349,69 €	ODRICERIN & ASOCIADOS	F/2017/585
2017 2311 48000	774,88 €	CONSORCIO SERVICIOS	DE F/2017/588

IGUALDADE

- SOLICITUDE DE LICENZA DE 1ª OCUPACION DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN SANTIAVEDRA - BARDAOS.-

Acordos adoptados:

PRIMEIRO: Conceder a licenza ocupación da vivenda unifamiliar illada, situada na parcela situada no lugar de Santiavedra, parroquia de Bardaos, a favor de don J.J.R.B. e dona M.M.V.R., titular da licenza de obra concedida por Decreto da Alcaldía nº 1/2015, segundo proxecto asinado por S.G.R., arquitecta colexiada, nºXXXX.

SEGUNDO: Aprobar a liquidación da taxa reguladora, determinada no artigo 6 da vixente ordenanza fiscal, que ascende a 141,37 euros.-

TERCEIRO: Aprobar a liquidación definitiva de obra executada, por unha diferenza coa liquidación provisional de 41.370.-euros, debendo facer ingreso na tesourería municipal o importe de 1.034,25 euros.

CUARTO: Notificar a presente resolución ao interesado aso efectos oportunos.

- O señor alcalde informa do seguinte:

“A todos os veciños e propietarios de parcelas que a Lei 7/2012 de Montes de Galicia e Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia, regulan as distancias que teñen que deixar as novas plantacións forestais. A título informativo:

-Prohibidas repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, urbanizable delimitado e de especial protección agropecuaria.

-Prohibidas repoboacións forestais con EUCALIPTOS en terreos previamente ocupados por frondosas (e outras árbores do anexo 1 da lei).

-As novas plantacións de eucaliptos de máis de 5 has precisan AUTORIZACIÓN.

As SANCIÓN S veñen determinadas no artigo 131 e s.s. da Lei 7/2012, do 28 de xuño, establecéndose na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, para cada tipo de infracción, leve, grave ou moi grave, e a súa cuantía (dependendo do anterior) pode ir de 100 euros a 1.000.000 de euros.”

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Dña. Inés Santos Pereiro da lectura ao “manifesto do día internacional da muller” que tivo lugar o 8 de marzo de 2017 na Mancomunidade de Municipios Comarca de Ordes que literalmente di como segue:

“Cada 8 de marzo saen á luz moitas estatísticas. Números que nos informan do que se vai avanzando na eliminación da desigualdade. Que nos dan conta do que se fixo, do que se está a facer e do que se fará. Que nos alertan sobre o queda por facer, sobre o que non se está facendo ou sobre o quw se está facendo mal. Estes números forman a nosa percepción da situación, que será positiva ou negativa con respecto ao último 8 de marzo.

Pero as cifras agachan moitas veces outras cifras ocultas, menos mencionadas, menos analizadas. Esas sombras ocultan realidades case sempre negativas. É o noso labor poñer luz sobre elas para sacalas da escuridade.

Os números din que os homes van asumindo responsabilidades familiares e a realización das tarefas do fogar.

A súa sombra di que a maior parte do peso ségueno asumindo as mulleres. A parella o a nai: mulleres que perpetúan os coidados e as responsabilidades.

Os números din que no dilema de elixir entre traballo e responsabilidades familiares, as mulleres escollen o duro camiño do medio: traballadora e coidadora.

A súa sombra di que se lles esixe ser as responsables da boa marcha da relación de parella, da educación das fillas e fillos, do coidado das persoas dependentes e da permanencia destas no fogar.

Os números din que se unha parelle se rompe, o coidado das fillas e fillos queda a cargo da nai, e a manutención compártese co pai a través da pensión de alimentos.

A súa sombra di que nun número importante de casos esta pensión non se paga de maneira regular, ou non ten en conta desembolsos importantes para a familia.

Os números din que a incorporación das mulleres a traballos remunerados segue superando cifras de décadas anteriores.

A súa sombra di que cando as mulleres deciden traballar as condicións nas que acceden aos postos de traballo non son óptimas. Que os contratos a tempo parcial son asinados maioritariamente por mulleres. Que moitos deses contratos a tempo parcial son xornadas completas encubertas.

Os números din que algunhas mulleres non acceden a prestacións contributivas por xubilación porque non cotizaron o tempo suficiente ou que as súas pensións son máis baixas polo tipo de contratos mantido.

A súa sombra di que moitas mulleres traballan parte da xornada, o tempo completo ou incluso máis en economía somerxida, na que non cotizan polo seu traballo á Seguridade Social.

Os números din que a fenda salarial se reduce en determinados ámbitos e profesións, e que existe paridade entre salarios de igual valor.

A súa sombra di que moitas mulleres perciben salarios inferiores aos que reflicten as súas nóminas. Que realizan numerosas horas extra non retribuídas. Que non acceden a postos para os que teñen formación.

Os números din que as ausencias do posto de traballo están repartidas entre homes e mulleres.

A súa sombra di que se o motivo é a propia persoa, faltan máis os homes que as mulleres. Se o motivo é dalgún outro membro da familia, é a muller a que non vai traballar.

Os números din que a esperanza de vida das mulleres é maior.

A súa sombra di que esa vida máis lonxeva non é de maior calidade. A situación social e laboral mingua a saúde das mulleres: dobres xornadas, falta de descanso, tensión...

Os números din que as mulleres participan maioritariamente en actividades deportivas, aínda que o xénero segue marcando un nesgo na elección das actividades. A súa sombra di que moitas mulleres non poden realizar actividades deste tipo or non poder compatibilizalas coas responsabilidades familiares ou por carecer de recursos económicos suficientes.

Os números din que os medios de comunicación seguen sendo un factor clave na transmisión dunha imaxe moderna e non estereotipada da muller.

A súa sombra di que os medios seguen transmitindo os roles tradicionais e a súa importancia para garantir o equilibrio social.

Como entidade local e no ámbito das nosas competencias temos unha responsabilidade: ter sempre presentes estas estatísticas, estes números. E tamén, por suposto, esas sobras. Fagomos do noso traballo diario un esforzo por impedir que a desigualdade recupere posicións.

Non podemos esquecer a situación das mulleres na nosa comarca. Como moitas outras zonas de Galicia, a precarización de sectores tan imprescindibles como o agrario e o gandeiro afecta ás mulleres dun xeito específico. A desaparición de sectores históricos na zona como no téxtil, tan ligado ao emprego feminino e ao progreso de igualdade na comarca, non só prexudica gravemente á nosa economía, senón que borra un coñecemento cas artesán de produción que será dificilmente recuperable.

É a nosa obriga e o noso momento de emprender políticas sociais, de emprego e económicas. De analizar as condicións das mulleres e homes que traballan en calquera sector da comarca, co fin de garantir unha condicións laborais dignas e de xustiza. De favorecer que as persoas ocupen os postos de traballo por criterios de mérito, capacidade e igualdade, eliminando calquera discriminación.

Conmemoremos o Día Internacional da Muller non só na faceta labora. Como traballadora, si, pero tamén observando todas as súas realidades no ámbito perosal, formativo e familiar. Só deste xeito conseguiremos eliminar as desigualdades.

Pensemos nas mulleres correntes, coas que compartimos espazos de vida e de traballo.

Pensemos no que lles impide alcanzar as súas metas, e se nós somos nalgunha medida a causa ou a solución desas barreiras.”

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 14:00 horas.